


PEZA DO MES


outubro

2011



SERLIO
IL TERZO LIBRO

XUNTA DE GALICIA



LIBRO III. PONTE SANT'ANGELO, PONTE TARPEIO

Serlio

Tratado de Arquitectura

O *Tratado de Arquitectura* de Sebastián Serlio, tamén coñecido como *Sete libros de Arquitectura*, do que a Biblioteca do Museo Arqueolóxico ten un exemplar do Libro Terceiro e outro do Libro Primeiro e Segundo, foi unha obra de referencia excepcional para os arquitectos durante séculos. No momento da súa publicación foi recibido como o necesario manual ilustrado práctico, didáctico e con numerosos exemplos que facilitaban a comprensión do exposto, presentado de maneira concisa e breve.

O seu grande éxito explícase por encher un baleiro, xa que había moitos arquitectos que admiraban a arquitectura da Roma clásica e a italiana do momento pero sabían moi pouco dela e este traballo puxo á súa disposición os datos ilustrados con imaxes que, como dicía antes, facilitaban a comprensión do texto de maneira sistemática, é dicir, organizada e estruturada.

O *Tratado*, aínda tendo unha concepción unitaria, non foi publicado máis que por partes e non necesariamente por orde. O primeiro en saír, en Venecia no 1537, foi

o Libro IV, *Regoli generali di architettura*, no que fala dos principios xerais da arquitectura e explica máis polo miúdo os obxectivos e o plan da súa obra.

O total de libros dos que consta son sete, máis un chamado o libro extraordinario e outro manuscrito localizado recentemente que se coñece como o libro oitavo por considerarse que formaba parte do *Tratado*.


Desde o primeiro momento as edicións dos distintos libros aparecen publicadas xa en Venecia, xa en París, Amberes, Franfort, Amsterdam, Toledo, etc. Non sempre as que circulan son copias ou meras traducións, hai moitas variacións dunhas a outras, e mesmo nas que Serlio promove, hainas bilingües, corrixidas e aumentadas, etc. Existe un interesante estudo sobre as edicións debido a John Bernard Bury –referencia 56 dos séculos XVI e XVII, mostra evidente da demanda que o *Tratado* tivo– e outro recente de Magali Vène, *Bibliographia serliana*, publicado en 2007, que nos axudan a ver máis claro neste bosque de edicións.

Nos inventarios *post mortem* de bibliotecas de arquitectos ata o século XIX, non falta o *Tratado* de Serlio. Pero tamén nos do século XX. Na colección atesourada durante toda a vida polo arquitecto Fowler (1876-1971), admirador da arquitectura clásica, encontramos ata 32 pezas da obra de Serlio, referenciadas no catálogo dese fondo, interesante pola axuda que fornece aos estudosos do tema.

A pesar de que o seu percorrido profesional comeza en Boloña, cidade na que nacera, como aprendiz de pintor xunto ao seu pai e logo como arquitecto, será o seu *Tratado*, ademais do descubrimento do arco serliano, o que lle deu verdadeira sona.

Alguns dos seus estudosos poñen de relevo que Serlio achega á arquitectura un enfoque novo e propio dun profesional e mesmo novidades, como a transparencia para facilitar a visualización do que hai tras un muro, por exemplo. Mais tamén tivo os seus críticos, algúns dos que consideraron que tivera a dubidosa calidade de facilitar a proliferación de arquitectos e edificios mediocres. Sexa como for, os especialistas consideran indubidable a influencia dos tratados de arquitectura tanto de Vitrubio como de Serlio en obras de gran valor artístico, como nos retablos de Martínez Montañés e, con Alberti, na arquitectura española do XVI.

Il Primo e Secondo Libro así como *Il Terzo Libro* de Serlio son, polo tanto, partes dunha obra máis ampla. Cada libro non aparece necesariamente nun volume independente en todos os casos. Neste, *Il Primo Libro d'Architettura* forma unha peza co *Secondo* sen que na portada se indique esta circunstancia e sendo esta común aos dous libros. O Primeiro trata de Xeometría e o Segundo de Perspectiva. A edición que nós comentamos aquí é a bilingüe, francés e italiano,



LIBRO III. ANFITEATRO DE ROMA

publicada en París en 1545 e traducida ao francés por Jean Martin, datos estes que figuran na portada dentro dunha orla, xunto coa mención do autor, sendo, segundo Bury, a primeira edición que se fixo destes dous libros.

Os preliminares conteñen unha dedicatoria do autor ao rei de Francia, Francisco I (irmán de Margarita, raíña de Navarra por casamento) mecenas da obra, e outra aos lectores. Iniciais debuxadas na dedicatoria ao rei e ao comezo do Primeiro e do Segundo libro.

O noso exemplar carece do colofón ou, máis exactamente, ten unha folia antes do comezo do Libro Segundo que, despois de facer o cotexo con outros exemplares da mesma edición, estou en situación de asegurar que foi encartada en lugar equivocado —porque a folia estivera solta, por exemplo— e que corresponde ao pé de imprenta. Nos exemplares que están íntegros, o colofón no verso inclúe o escudo do impresor co seu nome e a data, mentres que no recto se recolle a tradución ao francés do texto dirixido aos lectores. Agora ben, no noso caso, a folia supostamente mal encartada está coidadosamente recortada. Outro detalle que me fixo dubidar do acertado da miña hipótese é que a folia manipulada conserva ao comezo da páxina: “de M. Sebastian Serlio.”[sic]. Pero, a numeración que se ve no exemplar de Tours e de Sevilla, non

está no que aquí temos, e hai un punto ao final do nome que non teñen os outros conservados. Podería ser, en todo caso, unha anomalía dun exemplar da tirada ou mesmo pertencer a unha tirada distinta desta mesma edición.

En canto a *Il Terzo Libro*, a primeira edición é de 1540, e sae unha segunda con adicións no ano 1544, que é a que forma parte dos nosos fondos, publicada en Venecia. Estes datos son mencionados na portada, xilográfica a dúas tintas, e na que se representa unha ruína clásica. No frontispicio da ruína da portada figura unha frase en latín que é como a síntese do seu obxectivo: “Roma quanta fuit ipsa ruina docet”.

Foi o segundo en saír do prelo. Mentres no Cuarto —o primeiro publicado— explicaba o plan da obra, neste emprende a tarefa de mostrar ao público, tanto ao especialista como a que non o é, as marabillas das construcións antigas e modernas que considera relevantes. Xa o indica na dedicatoria ao rei de Francia na que tamén declara a súa intención de presentar de maneira gráfica os modelos arquitectónicos romanos como evidencia da grandeza da cultura clásica xa coñecida a través da literatura. Entre as contemporáneas recolle unha de Bramante e tampouco deixa de incluír unha pirámide exipcia.

Encadernado en pergameo, ten a cuberta bastante deteriorada mais está íntegro. O noso exemplar ten erros na paxinación mais non na encadernación, que é correcta. Son erros como 48 en lugar de 43, 67 por 63, 63 por 66, etc. No colofón indícase que o editor foi Fancesco Marcolini.

Juan Manuel Lizarraga, no seu estudo sobre os tratados de arquitectura da Biblioteca Histórica da Universidade Complutense de Madrid, comenta que de Serlio non contan con ningunha edición italiana que se poida atribuír ao Colexio Imperial. Curiosamente esa edición é a que adquiriu no seu momento a Comisión de Monumentos de Ourense, xa que no exemplar que comentamos, na portada, aparece escrito: “*De la libreria del Colegio Imperial de la Comp^a de Jesús de Madrid*”. Combinar estes datos resulta do máis interesante porque axuda, por unha banda, a completar a historia bibliográfica deste exemplar e, por outra, a confirmar que no Colexio Imperial, que se dedicaba á educación, non faltaba, antes da tradución ao castelán, a obra de Serlio na versión en italiano.


Son libros austeros, nos que o debuxo é a base para facilitar a visualización das obras arquitectónicas que considera modélicas, idea que reflicte na xa mencionada dedicatoria ao rei, na que mostra con claridade a finalidade da súa obra e na que tamén sinala a súa intención de facer o mesmo coas “fermosas antigüidades de Francia”, enumerando algunhas delas.



FACHADA DO EDIFICO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web**:
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a proto-historia ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9.30 a 14.30h

16.00 a 21.00h

domingo: 9.30 a 14.30h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002. Ourense.

Teléfono: 988 223 884

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30h ás 14.30h e das 16.00h ás 20.30h

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: María José Sierra Rodríguez.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito legal: VG 97-2004

Museo Arqueolóxico

galicia



XUNTA
DE GALICIA